

Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas**

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DIRIXIDAS A ONGD PARA O ANO 2025

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DIRIXIDAS A ONGD PARA O ANO 2025

O fundamento da política de cooperación para o desenvolvemento sostible de España atópase na Constitución española de 1978, en cuxo preámbulo se proclama a vontade de colaborar no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da Terra, así como no tratado da Unión Europea (UE) e no de funcionamento da UE, no que se define a política de cooperación para o desenvolvemento como unha competencia compartida entre a UE e os Estados membros. Con iso, a cooperación para o desenvolvemento configúrase como unha política de Estado, baseada nunha concepción aberta e solidaria da cidadanía e da sociedade internacional para responder colectivamente aos retos globais, tal e como se recolle na exposición de motivos da Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global.

No artigo 37 da mencionada lei reconécese o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar os actores e capacidades económico-sociais e coñecemento experto —así como o das propias administracións locais nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades—, ademais de promover a participación social e a democracia no ámbito local. Para favorecer o devandito obxectivo, os actores estatais do sistema español de cooperación para o desenvolvemento sostible promoverán a actividade de cooperación dos entes locais e a simplificación de trámites burocráticos. Esta cooperación tamén poderá exercerse a través de fondos municipais de cooperación ou doutras entidades.

No V Plan director da cooperación galega 2023-2026 recóllese que, mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible, co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta. As accións da cooperación galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para que se aplique o dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega, e contribuirán á construción



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade no ámbito local e global.

A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde non se deixe atrás a ningúen —especialmente ás mulleres, á infancia e aos colectivos máis vulnerables—, onde a prosperidade sexa compartida por todas as persoas e comunidades, que respecte e conserve o planeta, onde se consolide e se constrúa a paz baseada na xustiza e nos dereitos humanos e onde traballemos conxuntamente e en asociación para construílo.

Esta misión e visión da cooperación galega complementase cos principios, obxectivos e criterios da política pública de cooperación descritos nos artigos 80, 81 e 82 da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

No ámbito autonómico, no artigo 19 da mencionada Lei 10/2021 determínase que as deputacións provinciais poderán elaborar os seus propios programas de acción exterior coa duración ou a periodicidade que consideren axeitadas.

Estas bases, antes da súa aprobación, remitíronselle ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e pola execución da Estratexia galega de acción exterior, co fin de garantir a súa compatibilidade.

Nesta liña, no artigo 96 da citada Lei 10/2021, considéranse as entidades locais recoñecidas pola Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, como axentes de cooperación para o desenvolvemento.

A Deputación de Pontevedra, socia do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade desde 2017 e participante de forma activa nas actividades promovidas e dirixidas ás entidades locais da provincia de Pontevedra, renova con esta convocatoria o seu compromiso de contribuír á consecución da Axenda 2030, aprobada na Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas (ONU) en setembro de 2015, e mostrar o seu compromiso coa defensa dos dereitos humanos en todo o mundo.

Froito deste compromiso, nas últimas convocatorias financiáronse un total de nove proxectos que buscan mellorar as condicións de vida e un desenvolvemento sostible da poboación levados a cabo en Honduras, Bolivia, o Salvador e Mozambique.

Segundo o exposto con anterioridade e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6VTE5HV8BVTZXM6I



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

*BASES**PRIMEIRA. OBXECTO*

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións dirixidas a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, en diante ONGD, para o ano 2025.

SEGUNDA. FINALIDADE

A finalidade destas bases serán as actividades e os proxectos de cooperación ao desenvolvemento en países empobrecidos que contribúan a levar a cabo accións sociais, aliñados coa Axenda 2030 e os ODS, e concretamente o recollido no apartado sexto destas bases.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO, CONTÍAS E LÍMITES

- 3.1. A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 25/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a corenta e cinco mil (45.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.
- 3.2. Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo desta para cada actuación non poderá exceder os quince mil (15.000,00) euros. Subvencionaranse os tres proxectos que acaden a mellor puntuación.
- 3.3. As ONGD beneficiarias achegarán como mínimo o 5 % do custo total do proxecto. A achega poderá ter a súa orixe tanto en fondos propios coma do parceiro local e/ou da poboación beneficiaria, das entidades privadas ou doutras administracións públicas.

CUARTA. PRINCIPIOS REGULADORES

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

QUINTA. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán beneficiarse destas subvencións as ONGD que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia, na sección A.



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

- b) Ter o seu domicilio social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Para estes efectos, entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente de organización, xa sexa contratado ou voluntario, e local fixo para realizar actividades.
- c) Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- d) Ter entre os seus fins institucionais expresos a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento e co fomento da solidariedade entre pobos, a cooperación social ou calquera outra actividade de natureza similar.
- e) Non incorrer en ningunha das prohibición previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- f) Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

SEXTA. ACTUACIÓNS E GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1. Os proxectos presentados polas ONGD deben vincularse coas prioridades transversais mencionadas no V Plan director da cooperación galega, de acordo coas súas posibilidades e dimensións:

- A erradicación da pobreza multidimensional.
- A igualdade de xénero.
- A defensa da sostibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.
- O enfoque baseado en dereitos humanos.
- O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.
- A equidade e a loita contra as desigualdades.
- A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

6.2. Subvencionaranse tres proxectos cuxos obxectivos principais sexan a formación, capacitación, axuda técnica, fortalecemento das entidades, así como satisfacer as necesidades básicas da poboación deses países, relacionadas coa alimentación, a saúde, a educación etc.

As actuacións subvencionadas deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2025.

6.3. Para ser obxecto de subvención, os proxectos deberán contar con contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material e na xestión dos recursos e que constaten expresamente o seu compromiso de colaboración, así como a participación activa da poboación beneficiaria da subvención no deseño, na execución e na avaliación das actividades. Así mesmo, deberán ser viables económica, social e administrativamente, de modo que a continuidade do proxecto quede garantida cando finalice a axuda externa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6VTE5HV8BVTZXM6I



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

6.4. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

6.5. Terán a consideración de gastos subvencionables indirectos os efectuados pola entidade solicitante relacionados co proxecto e asociados á administración, xestión e/ou supervisión; con todo, estes non poderán exceder o 10 % do orzamento total do proxecto.

6.6. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación de Pontevedra.
- Os gastos en atencións protocolarias (comidas, festas, recepcións, agasallos, flores etc.).
- Os billetes de avión en primeira clase ou preferente.
- As adquisicións de bens ou os gastos que teñan a consideración de investimento.
- Os xuros debedores das contas bancarias.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE E INCOMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS

As subvencións concedidas pola Deputación de Pontevedra nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da UE ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra; nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2025 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade e no mesmo exercicio.

OITAVA. LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/64849178>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

NOVENA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Para todas as solicitudes é obrigatorio presentar a documentación que proceda en arquivos independentes, co nome de cada un, en formato PDF:

- Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, en caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. Esta poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa que resulte de aplicación.
- Proxecto descritivo e memoria económica da actividade para a que se solicita a subvención, segundo o establecido no documento anexo I a estas bases. Non presentar o proxecto constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite ao ter este carácter esencial para a tramitación das solicitudes.
- Para aquelas entidades que participen por primeira vez nesta liña de subvencións ou que sufrisen algunha variación respecto á última documentación presentada nesta liña de subvencións, escritura de constitución da asociación ou da entidade e estatutos vixentes coa composición actualizada da xunta directiva.
- Escritura de constitución da contraparte ou do socio local.
- Certificación acreditativa de que dispón de domicilio social ou delegación permanente na provincia de Pontevedra.
- Carta de compromiso de participación no proxecto por parte dos socios locais.
- Cando se contraten servizos profesionais con terceiras persoas deberase presentar o orzamento desta contratación.

Co fin de valorar os criterios da entidade, e de acordo co contemplado na base décimo terceira, deberá achegarse coa solicitude, cando proceda, o seguinte:

- Documentación acreditativa da traxectoria da ONGD solicitante dos proxectos realizados nos últimos tres anos.
- Documentación acreditativa da experiencia da ONGD solicitante na zona ou país onde se desenvolve o proxecto presentado.



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

- Documentación acreditativa da experiencia de traballo conxunto entre a ONGD solicitante e a contraparte, concretada en proxectos, actividades, campañas etc.

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou os elaborados polas restantes administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade.
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para percibir axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa institución provincial.

En caso de opoñerse á consulta, deberá indicarse no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Así mesmo, comprobarase a inscrición da entidade solicitante no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a referida autorización por tratarse dun rexistro público.

DÉCIMO SEGUNDA. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DESTAS

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderanse empregar sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6VTE5HV8BVTZXM6I



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Non será válido usar outros medios de comunicación coma correos electrónicos ou similares. Así mesmo, só poderá contactarse coas entidades por teléfono con fins informativos ou aclaratorios; estas chamadas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.

DÉCIMO TERCEIRA. VALORACIÓN E CRITERIOS DE CONCESIÓN

A valoración das solicitudes desagregarase en criterios relacionados coa entidade solicitante e coa colaboradora en terreo, así como os relacionados co proxecto presentado. Cada actuación poderá obter un máximo de 100 puntos. As entidades que non acaden unha puntuación igual ou superior a 40 puntos quedarán excluídas.

A) CRITERIOS RELACIONADOS COA ENTIDADE SOLICITANTE E COA ENTIDADE COLABORADORA EN TERREO (máximo de 25 puntos):

1. Traxectoria da ONGD solicitante segundo os proxectos realizados nos últimos tres anos (máximo de 9 puntos):
 - De dous a catro proxectos, 3 puntos.
 - De cinco a dez proxectos, 6 puntos.
 - Máis de dez proxectos, 9 puntos.
2. Experiencia da ONGD solicitante na zona ou país onde se desenvolve o proxecto presentado (máximo de 8 puntos):
 - Presencia acreditada na zona ou país de dous a catro anos, 2 puntos.
 - Presencia acreditada na zona ou país de cinco a dez anos, 4 puntos.
 - Presencia acreditada na zona ou país de máis de dez anos, 8 puntos.
3. Experiencia de traballo conxunto entre a ONGD solicitante e a contraparte, concretada en proxectos, actividades, campañas etc. (máximo de 8 puntos):
 - Experiencia de traballo conxunto de dous a catro anos, 2 puntos
 - Experiencia de traballo conxunto de cinco a dez anos, 4 puntos
 - Experiencia de traballo conxunto de máis de dez anos, 8 puntos.

Para que poidan avaliarse todos os criterios recollidos no apartado anterior deberase acreditar documentalmente coa presentación da solicitude.



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

B) CRITERIOS RELACIONADOS CO PROXECTO (máximo de 75 puntos):

1. Proxectos desenvolvidos nalgún dos once países considerados xeograficamente estratéxicos; serán áreas xeográficas prioritarias as contidas no V Plan director de cooperación galega 2023-2026 (15 puntos):
 - África subsahariana: Cabo Verde, Guinea-Bissau e Mozambique.
 - América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.
 - América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú.
 - Caribe: República Dominicana.
 - Países nos que a cooperación galega xerese capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias, coma a poboación saharauí, territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención; aqueles nos que a cooperación galega demostrase unha ampla experiencia de traballo, coma a India ou os países lusófonos; e os considerados países menos adiantados ou cun índice de desenvolvemento humano baixo.
2. Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades (máximo de 10 puntos)
3. Persoas beneficiarias directas do proxecto en terreo (máximo de 10 puntos)
 - Menos de 25 persoas, 3 puntos
 - Entre 25 e 50 persoas, 7 puntos
 - Máis de 50 persoas, 10 puntos
4. Implantación do proxecto en terreo (máximo de 10 puntos)
 - Ámbito local, 5 puntos
 - Ámbito comarcal ou supramunicipal, 7 puntos
 - Ámbito provincial, 10 puntos
5. Achea económica propia da entidade para desenvolver a actividade ou o proxecto obxecto de subvención (máximo de 10 puntos)
 - A entidade achega recursos propios de entre o 6 % e o 10 % do importe do proxecto, 5 puntos
 - A entidade achega recursos propios de entre o 11 % e o 15 % do importe do proxecto, 7 puntos
 - A entidade achega recursos propios de entre o 16 % e o 20 % do importe do proxecto, 10 puntos
6. Metodoloxía, recursos humanos e técnicos (máximo de 10 puntos)
7. Viabilidade, sostibilidade e impactos (máximo de 5 puntos)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6VTE5HV8BVTZXM6I



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

8. Plan de difusión (máximo de 5 puntos)

No caso de empate nas puntuacións obtidas, terán prioridade as solicitudes cunha maior puntuación no apartado de criterios relacionados co proxecto (base 13.B); de persistir o empate, priorizarase a entidade solicitante que teña maior experiencia conxunta coa contraparte (13.A.3).

DÉCIMO CUARTA. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

14.1. A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrência competitiva.

Establécese un prazo máximo de seis (6) meses para resolver o procedemento, que se computará a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido este prazo sen que se resolva e notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude se desestimou por silencio administrativo.

14.2. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes segundo os criterios, as formas e as prioridades de valoración establecidos nesta convocatoria en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

No exercicio das súas funcións, o órgano instructor poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e dos servizos.

O órgano instructor realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes por orde ascendente de puntuación e, no caso das excluídas, os motivos da exclusión.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado pola Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle propoñerá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas. A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- Presidencia: a xefa do Servizo de Benestar Social.
- Vogalía: dúas traballadoras sociais funcionarias do servizo.
- Secretaría: unha técnica do Servizo de Benestar Social, que actuará sen voto.



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

14.3. Proposta de resolución provisional. Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, a cal se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>), que terá o carácter de notificación colectiva, para os efectos do previsto no artigo 45.1.b da LPACAP, e no artigo 24.4 da LXS.

Desde o día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, as entidades admitidas e excluídas disporán dun prazo de dez (10) días naturais para formular alegacións ou presentar a súa renuncia.

14.4. Resolución definitiva. Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias e alegacións, formularase unha proposta de resolución definitiva, previo informe de Intervención no caso de existir variacións respecto da resolución provisional, que conterà a relación de tres entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

As tres entidades mellor valoradas financiaranse co 100 % da cantidade solicitada por orde de puntuación ata esgotar o orzamento da convocatoria, cun límite máximo de subvención por proxecto de quince mil (15.000,00) euros.

A resolución do procedemento correspóndelle á Presidencia; notificaráselle ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da comunicación da resolución.

A resolución ponlle fin á vía administrativa; contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes, a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

DÉCIMO QUINTA. NOTIFICACIÓNS E PUBLICACIÓN DE ACTOS

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://dehu.redsara.es>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido e considerase rexeitada cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

DÉCIMO SEXTA. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as entidades beneficiarias estarán obrigadas a:

- a) Levar a cabo a actuación subvencionable nos prazos que se indiquen na súa solicitude, así como a presentar a xustificación na forma e no prazo.
- b) Divulgar adecuadamente o carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, como mínimo, en incluír a imaxe institucional da Deputación de Pontevedra en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos e audiovisuais ou en calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade e veracidade da difusión. Esta obriga poderá acreditarse mediante unha declaración responsable da entidade, acompañada da documentación acreditativa das medidas indicadas, que permita constatar a realidade e a veracidade da difusión.

O manual de imaxe corporativa poderase consultar en <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>.

Estarán excluídas desta obriga aquelas subvencións nas que, pola súa natureza, a publicidade poida ser contraria ao respecto e á salvagarda da honra, da intimidade persoal e familiar das persoas físicas ou calquera outra na que, pola súa imposibilidade material, se xustifique a súa exención consonte os termos da convocatoria.

- c) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma de pagamento, e así quede acreditado no expediente, poderá realizarse o pago en efectivo.

O incumprimento desta disposición para gastos que superen o importe de novecentos (900,00) euros suporá que estes se consideren non subvencionables, segundo o establecido no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

- d) No procedemento de instrución deberase comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente antelación, poidan modificarse o contido e a contía da finalidade subvencionada, a súa forma e os seus prazos de execución, e a xustificación dos correspondentes gastos.
- e) Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada.
- f) Someterse ao control financeiro da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da institución provincial na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.
- g) A actividade desenvolvida pola entidade debe cumprir as obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; o Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; a demais lexislación vixente en materia de igualdade; e o exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.
- h) Velar polo cumprimento da normativa fiscal e laboral, así como da de prevención de riscos laborais. A Deputación queda exenta de toda responsabilidade polas posibles contratacións levadas a cabo ao abeiro deste programa de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA. SUBCONTRATACIÓN

Enténdese que unha entidade beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedará fóra destes conceptos a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a entidade beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

A subcontratación, parcial ou total, non excederá o 50 % da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o seu custo e non lle acheguen valor engadido ao seu contido. As e os contratistas estarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a responsabilidade total da execución fronte á Administración.

As entidades beneficiarias non poderán subcontratar as persoas ou as entidades previstas no artigo 29.7 da LXS:

- a) As que estean incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da LXS.
- b) As que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto de contratación.
- c) As intermediarias ou asesoras nas que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, excepto que este pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) As vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:
 - 1. Que se obtivese a autorización previa expresa do órgano concedente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6VTE5HV8BVTZXM6I



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

2. Que o importe subvencionable non exceda o custo no que incorra a entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.

- e) As solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e proxecto que non a obtivesen por non reunir os requisitos ou non acadar a puntuación suficiente.

DÉCIMO OITAVA. XUSTIFICACIÓN

Unha vez rematada a actividade subvencionada, e ata o 31 de xaneiro de 2026, as entidades beneficiarias deberán presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/dymanic/catalogo/tramitesxenericos>), a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, a seguinte documentación, relativa á xustificación, en arquivos independentes en formato PDF, co nome de cada un, na seguinte orde:

1. Memoria xustificativa do proxecto realizado, na que se mencionarán expresamente os resultados obtidos, o cronograma de execución, os recursos financeiros aplicados, incluíranse as fotografías e indicarse que se cumpriron os obxectivos propostos.
2. Acreditación de que se lle deu difusión ao financiamento obtido. En caso de que figuren logotipos doutras entidades no material gráfico empregado, deberase aclarar o motivo da súa inclusión (achegar o documento gráfico).
3. Anexo II.A COD SIA: 2450517 Mod: 231.D006C: conta xustificativa dos gastos segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica. Poderá achegarse como documento complementario un documento de Excel coas aplicacións desagregadas por conceptos.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima do 20 % dos custos directos con respecto ao orzamento inicial presentado para cada aplicación orzamentaria.

Os custos indirectos nunca poderán superar o 10 % dos custos directos xustificandos.

4. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida.

Poderán utilizarse, como xustificantes de gasto, os recibos de caixa nos que conste o nome da entidade beneficiaria, o importe, o nome e os apelidos da persoa que presta o servizo, o concepto do gasto e o nome do proxecto subvencionado. Este recibo deberá asinalo a persoa que presta o servizo (vendedora ou vendedor, transportista etc.), sempre que na documentación xustificativa se inclúa unha acreditación de que as persoas perceptoras de tales pagamentos non están suxeitas á obriga de emitir unha factura no país no que se efectuou o gasto. A devandita acreditación deberá realizala un organismo público competente.

5. Anexo II.B COD SIA: 2450517 Mod: 231.E006C: conta xustificativa de ingresos, segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica.

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6VTE5HV8BVTZXM6I



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

O órgano competente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade do prazo inicial e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 da LXS).

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice este servizo, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidade administrativa.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO

19.1. Para facer efectiva a subvención, terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- En caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención que corresponda.

19.2. O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

19.3. De conformidade co establecido na disposición adicional segunda da LSG, e en atención á coherencia co obxecto e coa finalidade das subvencións, realizaranse pagamentos anticipados do 75 % sen necesidade de esixir garantía. Para pagar o anticipo da subvención, as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitud do pagamento do anticipo da subvención concedida, asinada pola persoa representante legal da entidade.
- Declaración responsable da persoa representante legal da entidade (no caso de agrupación de entidades, de cada unha de elas), complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o obxecto subvencionado.
- Certificado dos datos bancarios da entidade beneficiaria. Todos os pagamentos con cargo a esta subvención realizaranse na conta asignada ao proxecto.
- Declaración de non incorrer nos supostos previstos nos apartados 3 e 4 do artigo 34 da LXS.

VIXÉSIMA. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E RÉXIME SANCIONADOR

Unha vez vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Benestar Social requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do expediente de perda da subvención e as responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e na demais normativa aplicable, así como das condicións que no seu caso se establezan



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

na correspondente resolución de concesión, e tras a tramitación do oportuno expediente, dará lugar, de forma parcial ou total, á súa cancelación e, en caso de que a subvención xa se aboase, á obriga de reintegrar a achega económica, consonte o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

O reintegro levará engadida a esixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do aboamento da subvención ata a data en que se acorde que o reintegro é procedente.

De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que na Lei de orzamentos xerais do Estado se estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, aplicarase o previsto no artigo 52 e seguintes da LXS, no 50 e seguintes da LSG e no 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. RÉXIME XURÍDICO

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola LPACAP, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas de dereito privado.

VIXÉSIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6VTE5HV8BV7ZXM6I



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

ANEXO I. MEMORIA DO PROXECTO

Neste anexo cítase unha estrutura de contidos mínimos para o proxecto descritivo da actividade englobada na Convocatoria e bases reguladoras para a concesión de subvencións de cooperación ao desenvolvemento dirixidas a ONGD para o ano 2025.

Deberá ter unha extensión máxima de 25 folios a unha cara e fonte Century Gothic con tamaño 11.

Presentarase seguindo a estrutura establecida nestas bases; os puntos non desenvolvidos non serán obxecto de valoración.

Segundo o recollido no Regulamento para un uso inclusivo da linguaxe na Deputación de Pontevedra (BOPPO número 229, de 29 de novembro de 2017), deberá empregarse unha linguaxe escrita e iconográfica inclusiva e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Terá a seguinte estrutura:

1. FUNDAMENTACIÓN OU XUSTIFICACIÓN

Diagnóstico e antecedentes que xustifiquen a posta en marcha da actuación e os criterios empregados para iso. Farase referencia á localización precisa e completa, aos problemas detectados, á identificación e ás características dos actores implicados, á aliñación cos ODS e á participación da poboación beneficiaria.

2. EXECUCIÓN DO PROXECTO

Incluiranse os obxectivos perseguidos, a definición clara e precisa dos indicadores, así como das fontes de verificación. Detallaranse as actividades que se van levar a cabo, a adecuación destas aos obxectivos propostos e a temporalización. Poderase achegar unha matriz do marco lóxico como complemento ao desenvolvemento deste apartado. A metodoloxía implica a definición das tarefas, das normas e dos procedementos para executar a actuación presentada co fin de transformar a realidade e melloralas. Identificaranse os factores de risco do proxecto e as medidas correctoras. Farase mención neste apartado á achega financeira propia e á doutros financiadores que contribúan a executar o proxecto.

3. VIABILIDADE, SOSTIBILIDADE E IMPACTO

Previsión e adecuada viabilidade do proxecto, xustificación da sostibilidade dos obxectivos e resultados esperados e valoración do impacto do proxecto.

4. RECURSOS HUMANOS E TÉCNICOS

Identificación coherente dos recursos materiais, técnicos e de infraestrutura, así como do equipo humano implicado.



Mércores, 19 de marzo de 2025

Núm. 53

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO

Neste apartado valorarase a identificación adecuada da metodoloxía de seguimento e avaliación; a participación das persoas beneficiarias nel e tamén os formularios, os documentos e os demais instrumentos de recollida de información para o informe de resultados. Para realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido, a entidade deberá levar a cabo medidas de difusión que consistirán, como mínimo, en incluír a imaxe institucional da Deputación de Pontevedra en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos e audiovisuais ou en calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6VTESHV8BVTZXM6I

